

# A soprano Jone Martínez e o grupo especializado en música barroca Il Fervore interpretarán pezas de principios do século XVIII no Auditorio de Afundación

I Sete instrumentistas acompañarán a voz solista no concerto, que se celebra o martes 28 de abril en colaboración coa Sociedad Filarmónica de Pontevedra

**06.04.2026.** A voz da soprano Jone Martínez estará acompañada por sete instrumentistas: violín, viola, violoncello, contrabaixo, clave, tiorba e guitarra barroca. Esa é a proposta para a velada musical que organizan Afundación e a Sociedad Filarmónica de Pontevedra o vindeiro martes, 28 de abril (20.30 h). No concerto soarán composicións de Alessandro Scarlatti (1660 – 1725), un dos creadores fundamentais para o desenvolvemento da ópera e da cantata barroca. Será no Auditorio da Sede de Afundación. Aínda quedan algunhas entradas dispoñibles en [Ataquilla.com](https://ataquilla.com).

Fundado en 2021, Il Fervore é un grupo historicista especializado na música dos séculos XVII e XVIII. Traballan na recuperación do patrimonio musical esquecido nos arquivos de bibliotecas españolas e italianas.

## Un compositor diferente

Tal e como se explica no programa do concerto, Alessandro Scarlatti foi admirado pola súa mestría harmónica e contrapuntística, pero non sempre comprendido polo gran público. Con todo, algúns compositores contemporáneos considerábano o «maior harmonista de Italia, é dicir, do mundo».

Durante o concerto do día 28 na Sede de Afundación soarán 4 composicións de Scarlatti e unha quinta baseada na súa obra e na *Sonata para violín en Re menor «La follia»*, op. 5, n.º 12 de Arcangelo Corelli e con arranxo de Jesús Merino, que dirixe o grupo ademais de actuar como violinista.

Merino e o resto dos integrantes de Il Fervore colaboran xuntos desde hai anos con varios dos grupos máis importantes do panorama actual e actuaron nas salas máis

importantes de Europa, Norteamérica, Sudamérica e Asia. Debutaron como Il Fervore en 2022 no Festival Internacional de Arte Sacra da Comunidade de Madrid (FIAS), cuxo concerto de apertura deron en 2025.

## **Jone Martínez**

A soprano Jone Martínez (Sopela, Bizkaia, 1990) está considerada unha das voces máis atractivas da nova xeración de cantantes españois. Como solista actuou coa Orquestra Sinfónica de Galicia, Orquestra Sinfónica de Burgos, Orquestra Sinfónica de Navarra, Orquestra e Coro de RTVE, Orquestra Cidade de Granada e Orquestra Barroca de Sevilla. Recentemente debutou en Estados Unidos coa National Symphony Orchestra (Washington) e a Philadelphia Orchestra; e en Xapón, xunto ao Bach Collegium Japan, baixo a dirección de Masaaki Suzuki.

## **Cultura por alimentos**

O concerto forma parte do programa «Cultura por alimentos», que Afundación desenvolve en colaboración coa Federación Española de Bancos de Alimentos (FESBAL). A recadación íntegra da venda de entradas do festival destinarase a apoiar as actividades da Fundación Provincial Banco de Alimentos.

Hai unha imaxe de Il Fervore [nesta ligazón](#)

Toda a información da actividade de Afundación, na nosa [SALA DE PRENSA](#)